

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## ANEXO. PROXECTOS PREMIADOS

## TOLERANCIA CERO FRONTE AO ACOSO

<b>Categoría A (Infantil e Primaria)</b>	
1º premio	CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo (Cangas de Morrazo)
2º premio	CEIP Rosalía de Castro (Xinzo de Limia)
3º premio	CEE Infanta Elena (Monforte de Lemos)
Mención de honra	CEIP Eusebio da Guarda (A Coruña)
<b>Categoría B (resto das etapas)</b>	
1º premio	IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa)
2º premio	IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)
3º premio	IES de Cacheiras (Teo)
Mención de honra	IES Leiras Pulpeiro (Lugo)

***A escola que cuida: cara unha convivencia libre de violencia, do CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo (Cangas de Morrazo)***

O proxecto ten como premisa fundamental das súas accións a idea da ruptura de barreiras sociais como base para reducir as situacións de acoso e ciberacoso. Para logralo, o centro conta coa Caixa de convivencia, un lugar con modelos a cubrir onde o alumnado deposita queixas sobre conflitos cotiás e propostas de mellora, diferenciado do punto laranxa, onde se centran no acoso escolar.

Ademais, o centro ampliou a oferta de propostas nos patios, abrindo espazos ao alumnado que se sentía só, con recunchos de creatividade, xogos na biblioteca ou pintados no chan. Así mesmo, traballouse a sensibilización da diversidade funcional con obradoiros sobre a neurodiversidade e o baloncesto en cadeiras e realizáronse actividades contra a violencia machista e a diversidade afectivo.

***Camiños de convivencia: construíndo tolerancia cero ao acoso, do CEIP Rosalía de Castro (Xinzo de Limia)***

O centro identificou como prioridade a mellora da convivencia e a prevención do acoso escolar a través da oferta de máis ferramentas ao alumnado para afrontar conflitos, xerar espazos de xogo inclusivos e fomentar a mediación como estratexia educativa. Implantáronse medidas como colocación de pictogramas nos espazos públicos para mellorar a accesibilidade, patios dinámicos e inclusivos, formación específica do profesorado, así como, campañas anuais contra o acoso escolar e ciberacoso.

A maiores, o centro creou Consello da Infancia, un órgano que pretende ser a voz do alumnado para mellorar a convivencia no centro e a Ponte da convivencia, unha

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ferramenta para axudar a mellorar o clima nas aulas que favorece a autonomía e a reflexión das persoas implicadas no conflito.

### ***Convivir é medrar xuntos, do CEE infanta Elena (Monforte de Lemos)***

O proxecto ten como obxectivos principais fomentar a convivencia positiva e o respecto entre iguais, actuar fronte situacións de acoso escolar e sensibilizar sobre a importancia do benestar emocional. Para iso desenvolveron obradoiros de convivencia e resolución pacífica de conflitos con xogos cooperativos, de expresión emocional ou de comunicación positiva, crearon dípticos informativos adaptados e accesibles, habilitouse un espazo de benestar no centro en colaboración co punto laranxa e realizouse un obradoiro de educación afectivo sexual coa asociación AMINO.

Estas acción lograron un descenso do 35% nas condutas disruptivas rexistradas, un aumento da participación das familias, profesorado e alumnado en accións e prol da convivencia e unha mellora do clima da aula e da autoestima.

### ***Estación serendipia: estación Eusebio da Guarda, unha viaxe cero tolerante co acoso escolar e ciberacoso, do CEIP Eusebio da Guarda (A Coruña)***

A finalidade da iniciativa é desenvolver valores como a empatía, a igualdade, solidariedade e poder poñerse no lugar dos demais cando experimentan algún tipo de sufrimento ou cando viven un proceso de acoso escolar. Para axudar a previlo e inculcar unha actitude de tolerancia cero traballaron ao longo do curso diferentes dinámicas e crearon un documental educativo e unha pequena obra de teatro con participación do alumnado do centro.

A maiores crearon Estacións de Convivencia usando os diferentes espazos do centro para traballar patios dinámicos, a mediación, a educación emocional ou o xogo como medida preventiva de acoso escolar. O proceso incluíu a realización de entrevistas nas que expresaban as súas opinións, experiencias e percepcións sobre o *bullying*.

### ***Prevención do Acoso Escolar, do IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa)***

O proxecto promove unha convivencia positiva a través do traballo coordinado dun equipo interdisciplinar comprometido coa sensibilización, detección e intervención fronte ao acoso e ciberacoso escolar. Mediante lecturas, curtametraxes, dinámicas grupais e debates reflexivos, o alumnado desenvolve a empatía, o pensamento crítico e as habilidades para identificar e rexeitar situacións de violencia entre iguais.

O programa tamén fomenta o uso responsable das redes sociais e a detección temperá de riscos dixitais, implicando activamente ao alumnado na creación dunha contorna segura e respectuosa. Ademais, iniciativas como o programa de alumnado axudante reforzan o apoio entre iguais e consolidan unha cultura escolar baseada na colaboración, o coidado mutuo e a denuncia activa do acoso.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ***Programa de prevención e tratamento do maltrato entre iguais, do IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)***

O IES Lauro Olmo desenvolve un modelo integral de convivencia a través do seu proxecto, centrado no benestar emocional, a inclusión e a resolución pacífica dos conflitos como ferramentas clave para previr o acoso e o ciberacoso escolar. A través de programas de educación emocional, prevención, mediación e formación en ciberseguridade, o centro promove no alumnado habilidades sociais, empatía, autoestima e respecto á diversidade.

A iniciativa aposta por metodoloxías cooperativas e polo apoio entre iguais, creando unha comunidade educativa segura, solidaria e participativa na que cada estudante se sente valorado e acompañado. Ademais, a implicación do profesorado, das familias e de entidades externas reforza unha cultura de convivencia positiva baseada no diálogo, o coidado mutuo e a igualdade.

### ***Convivencia en acción, do IES de Cacheiras (Teo)***

A proposta promove unha convivencia escolar baseada na cultura da paz, a igualdade, o respecto e a resolución pacífica dos conflitos. A través de recreos activos, actividades cooperativas e a aula de teatro, o alumnado desenvolve competencias sociais e emocionais como a empatía, a comunicación e a autorregulación, fundamentais para previr o acoso e o ciberacoso escolar.

O proxecto impulsa a participación inclusiva, combate estereotipos de xénero e fomenta que o propio alumnado actúe como axente activo fronte a condutas discriminatorias ou violentas. Grazas ao traballo colaborativo de toda a comunidade educativa, conseguiu mellorar o clima escolar, o benestar emocional e a integración do alumnado nunha contorna segura, respectuosa e solidaria.

### ***Vivir libres, convivir, do IES Leiras Pulpeiro (Lugo)***

A iniciativa fomenta unha convivencia escolar baseada no respecto, a inclusión e a resolución pacífica dos conflitos, combatendo activamente o acoso escolar e calquera forma de discriminación. A través da mediación, da educación en igualdade e da participación activa do alumnado, transforma os conflitos en oportunidades de aprendizaxe e mellora do clima escolar.

O centro impulsa accións específicas para fortalecer as relacións sociais, especialmente tras o aumento da conflictividade nos últimos anos, implicando tamén ás familias e á comunidade educativa. Ademais, conta coa colaboración de entidades e institucións externas para consolidar unha cultura de tolerancia, solidariedade e benestar común.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## CONVIVIMOS

<b>Categoría A (Infantil e Primaria)</b>	
1º premio	CEIP de Cervo (Cervo)
2º premio	CEP Plurilingüe de Riomaior (Vilaboa)
3º premio	CEIP O Castiñeiro (Laza)
Mención de honra	CEIP Plurilingüe de Louro (Muros)
<b>Categoría B (resto das etapas)</b>	
1º premio	IES de Cacheiras (Teo)
2º premio	IES de Poio (Poio)
3º premio	IES de Cotobade (Cerdedo Cotobade)
Mención de honra	IES Perdouro (Burela)

**#SOMOSCERVO: Cervo ConVIVE , do CEIP de Cervo (Cervo)**

A proposta é un proxecto de inclusión, benestar emocional e convivencia positiva no que se desenvolven diferentes accións como o emprego de dinámicas innovadoras como o Refuxio das palabras, a Semana da latitude emocional, ou o deseño dun orixinal Mapa educativo emocional co que se detectan de forma temperá as necesidades específicas de apoio educativo. Estas accións permiten o desenvolvemento da personalidade, o autoconecemento e a empatía do alumnado, fomentando a solidariedade, o coidado da saúde mental e o apoio mutuo.

Entre as actividades desenvolvidas destaca a organización de carreiras solidarias inclusivas, reforzado a colaboración directa con entidades externas como a Cruz Vermella e o Centro de Saúde mental da zona.

**CEP Plurilingüe de Riomaior (Vilaboa)**

A iniciativa parte do eixo común de mellorar o clima na aula, o benestar emocional e a participación da comunidade educativa e desenvólvese a través de diferentes iniciativas como actividades de ciencia e investigación para traballar a cohesión grupal e o respecto mutuo. Estas accións permiten o desenvolvemento da personalidade e das capacidades científicas e sociais do alumnado, fomentando o traballo en equipo, a igualdade e a resolución de conflitos

O centro conta cun amplo recoñecemento institucional a través de varios premios, destacando o premio no Certame estatal de Benestar Emocional 2024, acadado grazas a unha alta implicación do profesorado, do alumnado e das familias en todas as dinámicas escolares.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ***Voces que medran xuntas: a escola como comunidade emocional, cultural e inclusiva, do CEIP O Castiñeiro (Laza)***

A proposta céntrase no desenvolvemento de actuacións orientadas á mellora da convivencia e da inclusión educativa a través de iniciativas como a radio escolar, os clubs de lectura, os patios dinámicos e os contacontos, favorecendo a participación activa do alumnado e a creación de espazos de relación positivos.

Así mesmo, promóvese o uso de metodoloxías activas e colaborativas, a participación en proxectos innovadores e a organización de actividades inclusivas que fomentan a cooperación, o diálogo, a educación emocional e a implicación da comunidade educativa na vida do centro.

### ***Longarela, do CEIP Plurilingüe de Louro (Muros)***

A iniciativa está dirixida a mellorar a convivencia escolar mediante actividades vinculadas á contorna próxima e á cultura galega, destacando o uso do baile tradicional e da música como ferramentas educativas.

Estas propostas favorecen a participación do alumnado, o sentimento de pertenza ao centro e o fortalecemento dos vínculos entre iguais a través de experiencias compartidas de carácter cultural e comunitario.

### ***Porque cada persoa conta, do IES de Cacheiras (Teo)***

O proxecto presta especial atención á prevención do acoso, da violencia de xénero e da discriminación, fomentando a educación emocional, o diálogo e a participación activa de toda a comunidade educativa. Para iso, desenvólvense accións inclusivas e solidarias como a sinalética accesible, as actividades coas familias ou os espazos de convivencia activa, que consolidan unha cultura escolar baseada no coidado mutuo, a diversidade e a resolución pacífica dos conflitos.

Cómpre destacar que o centro entende a convivencia como o eixo central da vida escolar, promovendo un entorno seguro, inclusivo e respectuoso no que cada estudante poida sentirse valorado e escoitado e así o aplica a través de diferentes iniciativas para que o alumnado desenvolve a empatía, o pensamento crítico, as habilidades sociais e o compromiso coa igualdade e os dereitos humanos.

### ***Camiñando cara un modelo restaurativo da convivencia, do IES de Poio (Poio)***

A proposta impulsa un cambio profundo cara a unha convivencia escolar baseada no respecto, a empatía, a participación e a xustiza restaurativa. A través dun amplo equipo de convivencia e de estruturas de participación do alumnado, o centro promove espazos seguros, redes de apoio entre iguais e intervencións temperás para previr o acoso e o ciberacoso.

Iniciativas como Observadoras, Ocio e Benestar ou os círculos de diálogo permiten detectar situacións de vulnerabilidade, fortalecer os vínculos e dar voz activa ao

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alumnado na mellora do clima escolar. Ademais, o proxecto implica ás familias, ao profesorado e á comunidade educativa.

### ***A voz do noso alumnado, do IES de Cotobade (Cerdedo Cotobade)***

A iniciativa promove unha convivencia positiva dando ao alumnado un papel protagonista na prevención do acoso, a mediación e a creación de redes de apoio entre iguais. A través de estruturas como o alumnado axudante, a mediación, a acollida e a cibermentoría, o centro crea espazos seguros de diálogo, participación e acompañamento que fortalecen os vínculos e melloran o benestar emocional.

O proxecto incorpora prácticas restaurativas, círculos de diálogo e iniciativas de aprendizaxe e servizo solidario, así como actividades con familias, como os Cafés coas familias ou Tecendo vínculos, favorecendo unha comunidade educativa máis cohesionada e participativa. Ademais, o uso de ferramentas de análise e avaliación da convivencia permitiu identificar necesidades reais do alumnado e orientar accións eficaces para previr situacións contrarias á convivencia.

### ***#EMOCIÓNSNOPERDOURO, do IES Perdouro (Burela)***

O proxecto sitúa a educación emocional como eixo fundamental para mellorar a convivencia escolar e previr o acoso, baseándose nun modelo de competencias emocionais. A través do traballo da conciencia e regulación emocional, da autoestima, a resiliencia, a autonomía persoal e as habilidades sociais, o alumnado aprende a relacionarse desde o respecto, a empatía e o diálogo.

O centro desenvolve numerosas actividades innovadoras, como Alas da autoestima ou a figura do mediador emocional, creando espazos seguros de apoio e acompañamento entre iguais. Grazas ao seu enfoque integral e continuado, contribúe a construír un clima escolar positivo, inclusivo e emocionalmente saudable.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## BOAS PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN INCLUSIVA

<b>Categoría A (Infantil e Primaria)</b>	
1º premio	CEIP Plurilingüe N° 1 de Tui (Tui)
2º premio	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao (Rianxo)
3º premio	CEP Plurilingüe de Riomaioir (Vilaboa)
Mención de honra	CEIP Plurilingüe de Leirado (Salvaterra de Miño)
<b>Categoría B (resto das etapas)</b>	
1º premio	IES Santa Irene (Vigo)
2º premio	CIFP Paseo das Pontes (A Coruña)
3º premio	IES do Milladoiro (Ames)
Mención de honra	Aula Hospitalaria do CHUS (Santiago de Compostela)

***A aprendizaxe cooperativa, máis ca un recurso para a inclusión, do CEIP Plurilingüe N° 1 (Tui)***

O proxecto consiste na aplicación da aprendizaxe cooperativa e do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), a través de agrupamentos de alumnado dun mesmo ciclo por diferentes ámbitos de aprendizaxe. Os alumnos traballan en equipos cooperativos heteroxéneos de ata catro persoas utilizando dinámicas de cohesión, estruturas cooperativas (como o folio xiratorio) e ferramentas de autoavaliación e reflexión compartida, como os cadernos de equipo.

***Abrindo portas: experiencias reais de inclusión, do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao (Rianxo)***

A través do proxecto premiado o centro traballa na súa actividade diaria a inclusión en todos os ámbitos con propostas adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe, permitindo que cada alumno traballe segundo as súas necesidades e potencialidades, organización de grupos con roles asignados segundo as fortalezas individuais, fomentando a colaboración e a aprendizaxe mutua.

No marco dun enfoque inclusivo e equitativo promóvense diversas iniciativas baseadas que permiten atender á diversidade do alumnado e favorecer o seu benestar emocional, social e académico. A planificación didáctica baséase na eliminación de barreiras para a aprendizaxe, ofrecendo múltiples vías de acceso, expresión e implicación, ao tempo que se fomenta a autonomía, a participación e o respecto á diversidade.

***Con-ciencia, do CEP Plurilingüe de Riomaioir (Vilaboa)***

A iniciativa incorpora a gamificación nas actividades do centro polo seu poder motivador. O traballo organízase mediante cinco grupos cooperativos, multinivel e heteroxéneos asociados a 'casas' culturais que reforzan a inclusión, a pertenza e a identidade. As actividades desenvólvense en sesións semanais adaptadas, garantindo participación de todo o alumnado en experiencias prácticas e inclusivas. Contan cun

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sistema de pasaportes e puntos que avalía cuestións como a convivencia, as actitudes inclusivas e a participación, xerando respecto e colaboración.

Tamén se seleccionaron libros para o desenvolvemento persoal e social, que promoven empatía e comprensión da diversidade. O profesorado planifica de forma colaborativa, adaptando proxectos ás necesidades concretas para garantir unha educación personalizada.

### ***Imos facer historia: aprendendo do pasado, comprendendo o presente e construíndo o futuro , do CEIP Plurilingüe de Leirado (Salvaterra de Miño)***

A través do proxecto o colexio fai uso da aprendizaxe cooperativa no deseño das diferentes actividades a desenvolver a través da biblioteca, tendo como fío condutor a historia. O centro conta cun plan anual de consolidación da aprendizaxe cooperativa de centro que se coordina a través dunha comisión de aprendizaxe colaborativa.

Ademais, empregan tarefas integradas con diferentes esixencias, (mesmos contidos pero con diferentes competencias e tarefas) adaptándose ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, entre outras actividades.

### ***Pensar en Imaxes, do IES Santa Irene (Vigo)***

A iniciativa promove un cambio de metodoloxía partindo do enfoque pedagóxico do Deseño Universal de Aprendizaxe. En concreto, facilita a comprensión e a inclusión do alumnado con dificultades de comprensión lectora e expresión escrita a través do desenvolvemento dunha metodoloxía baseada na adaptación de textos escritos en lectura fácil, apoiándose en pensamento visual e mapas mentais.

Deste xeito, utilizan imaxes, debuxos e esquemas para facilitar a comprensión e a aprendizaxe dos conceptos de Xeografía e Historia, ademais de realizar vídeos informativos que permiten a aprendizaxe profunda de temas complexos.

### ***Accesibilidade Universal: hostalería inclusiva 360° , do CIFP Paseo das Pontes (A Coruña)***

A través deste proxecto o centro participa nunha iniciativa xunto co CIFP Rodríguez Fabrés de Salamanca orientada á inclusión e á atención á diversidade funcional. Entre as actuacións realizadas destacan a elaboración dun receptor adaptado para persoas con dislexia, a creación de infografías sobre atención accesible ao cliente e a organización dunha mesa redonda con asociacións de persoas con discapacidade da Coruña.

Ademais, o alumnado participou en prácticas de cociña e servizo inclusivos, así como na elaboración de menús adaptados para entidades como Aspace Coruña e Aspanaes, promovendo a sensibilización e a aprendizaxe vinculada á inclusión social.

### ***Ao son da inclusión, do IES do Milladoiro (Ames)***

O centro desenvolve varias iniciativas colaborativas orientadas á inclusión educativa e social entre as que destacan as visitas guiadas e titorías entre iguais realizadas en

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colaboración co Centro de Educación Especial Manuel López Navalón (Santiago de Compostela), así como a celebración da I Semana Intercultural do centro.

A maiores, impulsáronse actividades como a Feira das Profesiões, con enfoque inclusivo, e a reactivación da Rede do Milladoiro mediante unha xuntanza intersectorial con distintas institucións da contorna. Estas actuacións favoreceron a participación do alumnado, a sensibilización sobre a diversidade e a colaboración entre centros e comunidade educativa.

### ***Matemáticas con efectos secundarios, da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (Santiago de Compostela)***

O proxecto impulsou a participación do alumnado desta aula no Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións mediante dous proxectos de investigación vencellados á percepción do cancro e a saúde mental no eido educativo. A experiencia permitiu formular hipóteses, deseñar enquisas, recoller e analizar datos, extraer conclusións e definir accións de mellora. A través deste proceso, o alumnado converteuse en protagonista da súa aprendizaxe e logrou transformar unha disciplina percibida inicialmente como complexa nunha actividade lúdica, inclusiva e estimulante.

Ademais de desenvolver competencias matemáticas, comunicativas e dixitais, estes proxectos fomentaron a interacción social, o traballo en equipo e a sensación de pertenza, aspectos esenciais para o benestar dos estudantes hospitalizados.